

PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARTICULARES CORRESPONDENTE AO CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN DE COMPLEMENTOS DO EQUIPO DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL PARA O PERSOAL DA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS AGRARIOS GALEGOS, SA (SEAGA). CONCURSO ABERTO.

1. OBXECTO

O presente prego ten por obxecto establecer os requisitos que, con carácter de mínimos, deben cumprir os complementos do equipo de protección individual a utilizar polo persoal da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, SA (SEAGA) na execución das distintas encomendas que lle faga a Consellería do Medio Rural, e en especial no dispositivo de reforzo do servizo de defensa contra os incendios forestais.

2. DESCRIPCIÓN DOS COMPLEMENTOS DOS EQUIPOS

Os complementos a subministrar distribuíranse nos seguintes lotes:

Lote 1: Cinto forestal

Lote 2: Cantimplora de aluminio con funda

LOTE 1: CINTO FORESTAL

1. DEFINICION

Banda de tecido forte provista de fibela de inxección tipo tridente de rápida apertura por presión nos seus extremos, e unha vez axustada a cintura serve para levar útiles de protección persoal e de traballo.

2. UTILIZACION

Como complemento do equipo de protección persoal en todas aquelas operacións e traballos de campo na loita contra os incendios forestais.

3. BASES TÉCNICAS (Adquisicións)

- a) Os cintos serán novos, de recente fabricación e construídos con materiais de primeira calidade.
- b) Dado que este material será utilizado en duras condicións de traballo, as súas características básicas serán tales que reúnan unhas condicións de robustez, lixeireza, facilidade de manexo e mantemento, que asegure a máxima efectividade e duración do mesmo.
- c) Acompañaranse as ofertas cunha mostra do material ofertado, que poderá ser sometida a ensaios destrutivos, se procede. Ditas mostras utilizaranse para a valoración técnica das ofertas presentadas, así como para a valoración dos criterios de adxudicación. Non se devolverán as mostras.

4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS.

4.1. DIMENSIÓN ORIENTATIVAS E PESO

Dous tipos de cintos.

	TIPO A	TIPO B
Lonxitude	1167 mm \pm 5 mm.	690mm \pm 5 mm.
Ancho	54 mm \pm 2 mm.	54 mm \pm 2 mm.
Peso	\leq 280 gr.	\leq 250 gr.

4.2. MATERIAIS

Debido as condicións de uso, os materiais que entren na súa construción serán ininflamables, non poderán ser deteriorables facilmente pola intemperie nin chispas, nin por pequenas partículas ardentes, nin presentarán deformacións permanentes a temperaturas próximas os 100 °C.

4.3 BANDA

Será de tecido forte, resistente, de cor verde-oliva (forestal), de un espesor de uns 4 mm, estando rematados os seus bordes laterais para aumentar a súa resistencia ao uso. Disporá de un sistema de regulación en ambos extremos da banda. Na banda levará ao menos 2 olletes metálicos inoxidables. Levará sobre a banda principal levará cosidas firmemente dúas bandas secundarias de 25 mm de ancho

de tecido resistente que permita a suxeición de diferentes útiles de protección persoal e máis de traballo. O espesor será maior de 100 mm

4.4 OLLETES

Os olletes, que irán remachados, serán metálicos e inoxidables, con un diámetro libre de orificio de aproximadamente 4,5 mm., O seu espesor una vez fixados á banda, non será superior a 5 mm. e non presentarán bordes cortantes nin protuberancias ferintes.

5. TALLA

Una vez adjudicado este lote, SEAGA elaborará un programa que se enviará ao adjudicatario.

Unha vez feitas as medicións correspondentes, o adjudicatario presentará, seguindo as directrices de SEAGA, unha base de datos das mesmas.

6. ETIQUETAS.

Poderá levar no interior cosida unha etiqueta na que virán recollidas as instrucións de lavado, secado e pranchado da prenda.

7. ANAGRAMAS

Non se establecerá ningún tipo de anagramas ou logotipo.

8. EMBALAXE

Cada cinto irá aloxado nunha bolsa de plástico.

9.- ENTREGAS E SUBSTITUCIÓN

9.1. ENTREGAS: CANTIDADE E CUSTES

A Empresa Adjudicataria queda obrigada á entrega do mencionado equipamento nas oficinas provinciais de SEAGA, coordinando con SEAGA a recepción do mesmo, con verificación personalizada "in situ".

Entregaranse sucesivamente, nas datas e cantidades que determine SEAGA, 2500 cintos, no prazo establecido no contrato.

O orzamento de licitación, con IVE incluído é de: QUINCE MIL EUROS (15.000 €)

PREZO UNITARIO : 6 €

Nº MÍNIMO DE UNIDADES: 2500

9.2. SUBSTITUCIÓN DE CINTOS FORESTAIS DEFECTUOSOS

Adxudicado este lote a unha determinada empresa, en caso de que a maior parte dos cintos sexan admitidos, en cada subministración, quedando algunha que non satisfaga o mínimo esixido, comunicaráselle ao provedor o defecto ou falta de calidade advertida, e se lle outorgará un prazo determinado para remitir novas cintos, coas carencias apuntadas corrixidas.

LOTE 2: CANTIMPLORAS DE ALUMINIO CON FUNDA.

1. DEFINICIÓN

Recipiente de material resistente a impactos e altas temperaturas, destinada ao transporte de líquidos potables para uso persoal con una capacidade de 1,2-1,5 litros. Con Funda de lona u outro material ignífugo polo que se suxeita ao cinto mediante unha banda transversal de dobre cosido.

2. UTILIZACIÓN

Serán recipientes para levar auga ou bebidas isotónicas de forma individualizada polas persoas que traballaran na extinción e en todas aquelas operacións de traballos de campo, na loita contra os incendios forestais.

3. BASES TÉCNICAS (Adquisición)

- a) As cantimploras serán novas, de recente fabricación e elaboradas con materiais de primeira calidade.
- b) Dado que este material será utilizado en operacións de extinción, en duras condicións de traballo, as súas características básicas serán tales que reúnan condicións de robustez, lixeireza, facilidade de manexo e mantemento que aseguren a máxima efectividade e duración do mesmo.

c) Acompañaranse as ofertas cunha mostra do material ofertado, que poderá ser sometida a ensaios destructivos, se procede. Ditas mostras utilizaranse para a valoración técnica das ofertas presentadas, así como para a valoración dos criterios de adxudicación. Non se devolverán as mostras.

4. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

4.1. DIMENSIÓN ORIENTATIVAS E PESO

Alto: 195 mm. \pm 10 mm.

Largo: 125 mm. \pm 10 mm.

Ancho: 80 mm. \pm 5 mm.

Peso: \leq 150 gr.

Capacidad: 1,2 l – 1,5 l.

4.2 MATERIAIS:

Debido a súas condicións os materiais que entren na súa construción serán inoxidables, non inflamables e non poderán ser perforados facilmente por chispas ou pequenas partículas ardendo, ni presentarán deformacións permanentes a temperaturas próximas aos 100 °C

4.3 RECIPIENTE:

A súa capacidade estará comprendida entre 1,2-1,5 l; non presentará esquinas vivas nin bordes pronunciados, debendo ser todo o seu contorno redondeado.

O material do que este construído, e a súa protección interna conservará as características da auga aloxada nel, e non producirá alteracións durante curtos períodos de tempo (24-48 h), nos outros tipos de líquidos, ácidos ou básicos, nin comunicará olores ou sabores desagradables. O seu interior poderá baleirarse e encherse rapidamente para facilitar o seu lavado e será factible introducir nel auga fervendo sen que se produzan deformacións.

4.4 BOCA:

Na súa parte superior estará provisto dunha boca con dosificador cun diámetro libre no inferior da boca de 20 mm. A tapa da devandita boca será de cerre hermético, a rosca, debendo estar suxeita ao corpo ou colo do recipiente por medio dunha cadeíña que impida o seu extravío

4.5. FUNDA

A cantimplora disporá dunha funda tratada quimicamente contra o ataque de fungos e insectos, onde poida ser aloxada durante o seu transporte, fabricada en tecido ignífugo, de cor verde oliva provista de unha ou dúas trebiñas de tecido ignífugo e dobre cosido con fio resistente e ignífugo na súa cara externa posterior de 75 mm. de luz libre interior, para poder ser acoplada ao cinto. Na súa parte traseira

levará dúas solapas laterais que se unirán mediante corchetes a solapa dianteira gardando o corpo da cantimplora no interior e permitindo o acceso libre ao tapón.

4.6. SUXECCIÓN

A cantimplora poderá suxeitarse ao cinto mediante as trebiñas de tela ignífuga das que dispón a funda e a maiores, na parte superior do corpo da cantimplora, xunto a parte inferior do tapón, levará un mosquetón que permita a suxeición firme ao cinto.

5. TALLAS

Un único modelo con capacidade comprendida entre 1,2-1,5 l;

6.- ETIQUETAS

Na parte interna da funda convén que veña unha etiqueta fixada firmemente, na que figure o marcado CE de Tipo, o nome do fabricante, o ano de fabricación, a referencia do modelo e unhas concisas instrucións de mantemento referentes a secado, aireación, limpeza, etc. e todo o que estableza a normativa vixente.

7.- ANAGRAMA

SEAGA non establecerá ningún tipo de anagrama ou logotipo.

8. EMBALAXE

Cada prenda co seu folleto informativo irá aloxada nunha bolsa de plástico.

9.- ENTREGAS E SUSSTITUCIÓN

9.1. ENTREGAS: CANTIDADE E CUSTES

A Empresa Adxudicataria queda obrigada á entrega do mencionado equipamento nas oficinas provinciais de SEAGA, coordinando con SEAGA a recepción do mesmo, con verificación personalizada "in situ". Entregaranse sucesivamente, nas datas e cantidades que determine SEAGA, 2.500 cantimploras durante o prazo establecido no contrato.

O orzamento de licitación, con IVE incluído é de: TRINTA E CINCO MIL CINCOCENTOS (35.500 €)

PREZO UNITARIO :14,20 €

Nº MÍNIMO DE UNIDADES: 2.500

9.2. SUBSTITUCIÓN DE CANTIMPLORA DEFECTUOSAS

Adxudicado este lote a unha determinada empresa, en caso de que a maior parte das cantimploras sexan admitidas, en cada subministración, quedando algunha que non satisfaga o mínimo esixido, comunicaráselle ao provedor o defecto ou falta de calidade advertida, e se lle outorgará un prazo determinado para remitir novas cantimploras, coas carencias apuntadas corrixidas.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2008

O director-xerente de SEAGA, S.A.

Xan-Bautista Cambón Rodriguez